

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**14695** *Real decreto lei 28/2012, do 30 de novembro, de medidas de consolidación e garantía do sistema da Seguridade Social.*

#### I

A Lei 28/2003, do 29 de setembro, reguladora do Fondo de Reserva da Seguridade Social, constitúe a culminación do proceso normativo polo que se deu cumprimento ás dúas primeiras recomendacións do punto IX do informe da Ponencia que o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou o 6 de abril de 1995, coñecido como «Pacto de Toledo», relativas, respectivamente, á separación e clarificación das fontes de financiamento do sistema da Seguridade Social e á constitución de reservas no seu nivel contributivo que atenúen o efecto dos ciclos económicos.

Ante a incidencia da crise sobre o conxunto das contas públicas e, en particular, sobre o sistema da Seguridade Social, viñéronse adoptando desde hai anos un conxunto de medidas destinadas a asegurar a viabilidade económica do dito sistema. Como continuación ás reformas xa aprobadas, o Goberno comprometeu un conxunto de medidas adicionais que afondan nas reformas e se orientan ao cumprimento das recomendacións adoptadas para España no Consello Europeo celebrado os días 28 e 29 de xuño de 2012.

A crise está supondo un elevado déficit do sistema da Seguridade Social durante o exercicio 2012, coas conseguíntes tensións de liquidez que se verán acentuadas o próximo mes de decembro de 2012, en que se deben aboar dúas mensualidades, ordinaria e extraordinaria, de pensións da Seguridade Social.

A situación descrita determina a imperiosa necesidade de establecer, durante os exercicios 2012, 2013 e 2014 unhas condicións excepcionais para a disposición do Fondo, deixando sen efecto durante os mencionados exercicios a limitación do tres por cento da suma dos conceptos previstos no artigo 4 da Lei 28/2003, do 29 de setembro.

Por todo isto, queda plenamente xustificada a extraordinaria e urxente necesidade da situación que lexitima a adopción deste real decreto lei polo que se fixa un novo límite na disposición de activos do Fondo de Reserva da Seguridade Social e se autoriza durante os exercicios 2012, 2013 e 2014 a disposición do Fondo de Reserva da Seguridade Social, a medida que xurdan as necesidades, ata un importe máximo equivalente ao déficit orzamentario das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.

#### II

O actual Goberno demostrou desde o comezo o seu compromiso coa revalorización das pensións. De feito, a primeira medida que se adoptou en materia de pensións foi a de actualizalas nun un por cento, a través do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

Isto supuxo un esforzo importante para o noso sistema público de protección nun contexto no cal a Seguridade Social tivo que acudir ás súas reservas, tal e como se explica no punto anterior desta parte expositiva. Esta circunstancia, unida a outras como a necesidade de cumprir co obxectivo do déficit público, obriga con carácter de extraordinaria e urxente necesidade a deixar sen efecto a actualización das pensións no exercicio 2012 e a suspender a revalorización das pensións para o exercicio de 2013 nos termos previstos no artigo 48 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, e no artigo 27 do

texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril.

Sen prexuízo do anterior e para manter o compromiso adquirido en materia de pensións, tanto as aboadas polo sistema da Seguridade Social como as de clases pasivas experimentarán en 2013 un incremento do un por cento. Non obstante, incrementaranse nun un por cento adicional todas aquelas pensións que non superen os 1.000 euros mensuais ou 14.000 euros en cómputo anual.

### III

O presente real decreto lei ten tamén como finalidade proceder á concesión de suplementos de crédito para a cobertura de obrigas do Servizo Público de Emprego Estatal correspondentes a gastos de prestacións por desemprego, compensación da diminución de recadación producida nas cotizacións por desemprego e formación profesional e gastos derivados do programa de recualificación profesional das persoas desempregadas que esgoten a súa prestación por desemprego.

Por todo isto, é necesario un suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Emprego e Seguridade Social por contía de 4.294.811.051,73 euros con destino ao Servizo Público de Emprego Estatal. Os gastos a cuxa cobertura atenden os suplementos de crédito que se conceden constitúen obrigas exixibles da Administración, aínda que a súa contía non permite o seu financiamento con cargo ao Fondo de Continencia de Execución Orzamentaria. Por tanto, exceptúase a aplicación do disposto nos artigos 50.1 e 55.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, financiándose o suplemento de crédito no orzamento do Estado con débeda pública.

A existencia de atender ao pagamento de obrigas que ineludiblemente debe satisfacer a Administración e a necesidade de non demorar o seu aboamento para non causar prexuízos a terceiros afectados constitúen as razóns de extraordinaria e urxente necesidade que xustifican a concesión dos suplementos de crédito mediante real decreto lei.

A disposición derradeira primeira modifica o número 1 do artigo 94 bis da Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, con obxecto de precisar a equivalencia existente entre a dispensación mediante receita médica e a dispensación mediante orde de dispensación hospitalaria. As desigualdades que está provocando a existencia dunha diferente nomenclatura para o mesmo acto de dispensación, unido ao proceso acelerado de peche da implantación da receita electrónica no Sistema nacional de saúde, exixen una clarificación inmediata que garanta a aplicación homoxénea destas medidas de dispensación.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta dos ministros de Emprego e Seguridade Social, de Economía e Competitividade, de Facenda e Administracións Públicas, e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de novembro de 2012,

### DISPOÑO:

*Artigo primeiro. Réxime excepcional de disposición dos activos do Fondo de Reserva da Seguridade Social.*

Durante os exercicios 2012, 2013 e 2014, non resultará de aplicación o límite do tres por cento fixado con carácter xeral no artigo 4 da Lei 28/2003, do 29 de setembro, reguladora do Fondo de Reserva da Seguridade Social.

Durante os citados exercicios, o límite de disposición será o equivalente ao importe do déficit por operacións non financeiras que poñan de manifesto as previsións de liquidación dos orzamentos das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, que para o efecto elabore a Intervención Xeral da Seguridade Social, de acordo cos criterios establecidos na normativa do Fondo de Reserva da Seguridade Social.

Artigo segundo. *Actualización e revalorización de pensións.*

Un. Déixase sen efecto para o exercicio 2012 a actualización das pensións nos termos previstos no número 1.2 do artigo 48 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, e no parágrafo segundo do número 1 do artigo 27 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril.

Dous. Suspéndese para o exercicio 2013 a aplicación do previsto no número 1.1 do artigo 48 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, así como no parágrafo primeiro do número 1 do artigo 27 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril.

Disposición adicional primeira. *Autorización da disposición do Fondo de Reserva da Seguridade Social.*

Primeiro. Autorízase durante os exercicios 2012, 2013 e 2014 a disposición do Fondo de Reserva da Seguridade Social, conforme o establecido no artigo primeiro deste real decreto lei, a medida que xurdan as necesidades, ata un importe máximo equivalente ao importe do déficit por operacións non financeiras que poñan de manifesto as previsións de liquidación dos orzamentos das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.

Segundo. O importe desta disposición do Fondo de Reserva da Seguridade Social destinarase ao pagamento das obrigas relativas ás pensións de carácter contributivo e demais gastos necesarios para a súa xestión.

Terceiro. Con carácter trimestral darase conta ao Consello de Ministros dos importes dispostos do Fondo de Reserva da Seguridade Social.

Cuarto. A disposición do importe do Fondo de Reserva da Seguridade Social, nos termos establecidos nos números anteriores, será efectuada pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social na súa función de caixa pagadora do sistema e competente para a distribución no tempo e no territorio das dispoñibilidades pecuniarias para satisfacer puntualmente as obrigas da Seguridade Social e evitar os desaxustes financeiros.

Quinto. Autorízanse os ministros de Emprego e Seguridade Social, de Economía e Competitividade, e de Facenda e Administracións Públicas para ditar as instrucións que sexan precisas para o desenvolvemento do disposto nesta disposición adicional.

Disposición adicional segunda. *Incremento de pensións.*

As pensións aboadas polo sistema da Seguridade Social, así como de clases pasivas, incrementaranse en 2013 un un por cento tomando como referencia a contía legalmente establecida en 31 de decembro de 2012.

Non obstante, incrementaranse un un por cento adicional ao previsto nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2013 todas aquelas pensións que non superen os 1.000 euros mensuais ou 14.000 euros en cómputo anual. Estas pensións, por tanto, incrementaranse no dous por cento.

Disposición adicional terceira. *Concesión de suplementos de crédito por importe de 4.294.811.051,73 euros, para atender obrigas do Servizo Público de Emprego Estatal correspondentes ao exercicio 2012 e regularización de exercicios anteriores.*

1. Autorízase un suplemento de crédito ao orzamento da sección 19 «Ministerio de Emprego e Seguridade Social», servizo 03 «Secretaría de Estado de Emprego», programa 000X «Transferencias internas», capítulo 4 «Transferencias correntes», concepto 412 «Para financiar o orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal», por un importe de 4.294.811.051,73 euros.

Este suplemento de crédito ten como finalidade atender o pagamento de prestacións por desemprego e compensar a perda de recadación de cotizacións do ano 2012;

regularizar o pagamento de obrigas de exercicios anteriores e atender as obrigas correspondentes ao Programa de recualificación profesional de persoas desempregadas que esgoten a súa prestación por desemprego.

2. O suplemento de crédito que se concede no punto anterior financiará suplementos de crédito no orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal nos termos que se recollen a seguir:

Orzamento de ingresos.

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe (euros)
19.101.129.00	Cota de desemprego . . . . .	- 885.230.332,08
19.101.129.01	Cota de formación profesional . . . . .	- 47.491.640,54
19.101.400.02	Para financiar o orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal. . .	4.294.811.051,73
Total . . . . .		3.362.089.079,11

Orzamento de gastos.

Autorízanse suplementos de crédito por importe de 3.362.089.079,11 euros co seguinte detalle:

a) Na aplicación 19.101.241A.482.26 «Axudas para a recualificación profesional das persoas que esgotasen a prestación por desemprego», por importe de 101.570.569,74 euros.

b) Na aplicación 19.101.251M.480.00 «Contributivas, mesmo obrigas de exercicios anteriores», por importe de 1.980.271.363,09 euros.

c) Na aplicación 19.101.251M.480.01 «Subsidio por desemprego, mesmo obrigas de exercicios anteriores», por importe de 409.138.852,69 euros.

d) Na aplicación 19.101.251M.480.02 «Subsidio por desemprego para eventuais do réxime especial agrario da Seguridade Social, mesmo obrigas de exercicios anteriores», por importe de 24.793.244,45 euros.

e) Na aplicación 19.101.251M.487.00 «Cotas de beneficiarios de prestacións contributivas por desemprego, mesmo obrigas de exercicios anteriores», por importe de 635.842.235,25 euros.

f) Na aplicación 19.101.251M.487.01 «Cotas de beneficiarios do subsidio de desemprego, mesmo obrigas de exercicios anteriores», por importe de 89.365.630,16 euros.

g) Na aplicación 19.101.251M.488 «Renda activa de inserción, mesmo obrigas de exercicios anteriores», por importe de 121.107.183,73 euros.

3. O suplemento de crédito que se concede no orzamento do Estado financiarase con débeda pública, sen que resulte de aplicación para estes efectos o disposto nos artigos 50.1 e 55.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios.*

Modifícase o número 1 do artigo 94 bis da Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Enténdese por prestación farmacéutica ambulatoria a que se dispensa ao paciente mediante receita médica ou orde de dispensación hospitalaria a través de oficinas ou servizos de farmacia.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de novembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY